



PROVIDENCIA DA ALCALDÍA
PROGRAMA FOMENTO DA CONCILIACION 2024
“XOGAMOS, RIMOS, IGUALAMOS”

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de fomento da conciliación **“Xogamos, rimos, igualamos”**, o pasado 21 de xuño, publícase a listaxe de adxudicación provisional das prazas.

Para a adxudicación definitiva das prazas, os interesados deberán proceder ao **pago da cota mensual antes do vindeiro 27 de xuño.**

Para facer efectivo este programa nos vindeiros meses de xullo e agosto; a medio da presente, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO. Publicar a **lista provisional de adxudicación** das prazas dispoñibles, para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos, logo de aplicar os criterios e circunstancias aprobadas na organización de dito programa.

SEGUNDO. Como se recolle na norma sobre os criterios da adxudicación de prazas do programa, que suman un total de 35, existe unha **reserva de tres** prazas para nenos e nenas con necesidades específicas.

TERCEIRO. Unha vez examinada a documentación presentada; as solicitudes de prazas para a participación no programa de conciliación suman **un total de 27 solicitudes**, das cales sete, son de nenos e nenas con necesidades específicas.

CUARTO. Ao ter en conta que, das **trinta e cinco prazas ofertadas** cubríronse un total de vintese; e que para as **tres reservadas** para nenos con necesidades específicas hai un total de **sete solicitudes**; e para as **trinta e dúas restantes** hai un total de **vinte solicitudes**.

Seguindo cós obxectivos deste concello de Castrelo do Val, para promover a inclusión dos pequenos con necesidades específicas e mellorar a súa calidade de vida, así como para o apoio ás súas familias e, como queira que as ratios de atención cúmprese, acórdase **aceptar o total das solicitudes presentadas**.

QUINTO. En cumprimento do Decreto da Xunta de Galicia, sobre obrigatoriedade de dispor de persoal especializado e debidamente cualificado para atender aos beneficiarios do servizo, éste concello, a través dun procedemento de selección vai proceder á contratación dun coordinador titulado, así como outros catro monitores en posesión da titulación esixida.



En cumprimento das ratios, precisaríanse un coordinador e dous monitores para levar a cabo o programa, pero contando que sete dos nenos e nenas inscritos precisan dunha atención específica, o concello, reforza os ratios de atención, coa **contratación de máis monitores**, así como coa **contratación de persoal de atención á persoas con diversidade funcional** que realizará actividades no programa de conciliación un día á semana.

SEXTO. A listaxe de adxudicación das prazas, cumprindo a orde da valoración das circunstancias específicas de cada solicitude, dando preferencia aos nenos e nenas empadronados, e outras circunstancias especificadas nos criterios de adxudicación, é a que se relaciona a continuación.

Para a adxudicación definitiva da praza, deben de facer o ingreso da cuota mensual, **antes do vindeiro xoves día 27 de xuño**, mediante ingreso nalgún dos números de conta dos que dispón este concello, que se especifica a continuación, e do seguinte xeito:

- Mes de **xullo**: 80,00 € por cada neno ou nena inscrito.
- Mes de **agosto**: 80,00 € por cada neno ou nena inscrito.
- Mes de **xullo e agosto**: 150,00 € por cada neno ou nena inscrito.

No concepto especificarase: **Conciliación + nome e apelidos do neno ou nena.**

Número de conta para facer o ingreso (calquera das dúas é válida):

ES72 2080 5344 4631 1015 1497 (Abanca)

ES83 2100 4148 2722 0006 3961 (Caixabank)

SÉTIMO. Unha vez realizado o ingreso e antes do 29 de xuño, venres, os solicitantes das prazas, deberán de cumprimentar un impreso, que se lle facilitará nas oficinas municipais, sobre consentimentos e autorizacións dos menores, e faráselle entrega das normas e recomendacións xerais para o bo funcionamento do Programa de Conciliación para 2024.

Castrelo do Val, 24 de xuño do 2024

O Alcalde,

Asdo. Vicente Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Concello de Castrelo do Val

Rúa Toural 15, CASTRELO DO VAL. 32625 (Ourense). Tfno. 988419002. Fax: 988419122



**LISTADO ADXUDICACION PRAZAS POR ORDE DE ENTRADA, EN CUMPRIMENTO
DOS CRITERIOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA DE CONCILIACION 2024**

“XOGAMOS, RIMOS E IGUALAMOS”

	NOME E APELIDOS PARTICIPANTE
1	ANA FERNÁNDEZ GIL
2	TEO PIÑEIRO RESURRECCIÓN
3	CARLOS NUÑEZ VALLE
4	ELBA LOZANO GAGO
5	ICÍA VÁZQUEZ BLANCO
6	IRIA PRIETO PAZ
7	HUGO PRIETO GIL
8	BRAIS ROMÁN GONZÁLEZ
9	GORKA ROMÁN GONZÁLEZ
10	MARTIN QUEIJA BASALO
11	ALBA QUEIJA BASALO
12	ARIA PÉREZ GARCÍA
13	SABELA BARJA FERNANDES DA SILVA
14	CARLOS DIÉGUEZ GIL
15	CRISTINA LEON RODRIGUEZ
16	ALBERTO BEMBIBRE PRIETO
17	ÁLVARO BEMBIBRE PRIETO
18	ARES COLMENERO DIEGUEZ
19	ALEX SALGADO FERNANDEZ
20	NOA GONZALEZ VAZ
21	IRIS FEIJOO FERNANDEZ
22	PAULA CAVA SALA
23	CIBRÁN DOMÍNGUEZ VICENTE
24	ALEXIA FRANCISCO MARTINEZ
25	SABEL GÓMEZ BUGALLO
26	VALERIA PRIETO JIMÉNEZ
27	HUGO GUERRA BARJA

